

Paulino Pereiro

Cinco fantasías. Op. 174

Instrumentos: clarinete, violín, violonchelo y piano

Duration: 13'

Hai lugares que nos marcan e fican gravados na memoria. Ocorreume iso co Nepal. E esta música débelle moito a eses recordos. Ao val de Kathmandú, á visión do Himalaia desde Nagarkot, aos templos de Lalitpur, aos pobos newari de Kirtipur e Bungamati, ao río sagrado Bagmati, onde incineran os mortos e, especialmente, á variadísima xente nepalí.

Esta é, xa que logo, unha música de sensacións, cinematográfica, de efectos integrados no discurso, de paisaxes sonoras. Nestas fantasías construín cinco escenas, cinco lugares imaxinados e os sentimentos asociados a eles. Procurei retratar as sensacións suscitadas polas grandiosas paisaxes naturais do Nepal. Cada un dos cinco lugares, das cinco fantasías, non se corresponde con exactitude a unha única paisaxe ou sentimento senón que participan dunha mestura de sensacións, que é o mellor retrato da visión de Nepal. Como a mestura de especias dunha **masala** nepalí, cociñei estas pezas.